

### Orde pola que se convoca concurso de méritos específico para cubrir postos de persoal docente en prazas sometidas a convenio ou a programas específicos da consellería

A CIG-Ensino solicitou que cando se fai unha convocatoria destas características a Consellaría de Educación debe achegar tamén a totalidade das prazas que están nesta situación. Pedimos saber cantas comisións de servizos existen e en que momento están porque houbo casos de persoas que estiveron en comisión de servizos máis dun ano. É unha transparencia lóxica.

A CIG-Ensino defende que só se deben conveniar prazas coa Administración, máis non con entidades privadas.

Sobre o articulado:

Art. 4: o proxecto de traballo debe presentarse en galego

Non hai razón para que non haxa unha subcomisión

Art. 5.1. Comisión de selección: a comisión debe ter unha composición máis técnica e ser a sorteo.

Art. 6. Desempate: para desempatar deben aplicarse a maior puntuación nos apartados 1, antigüidade, 2, formación e 3, méritos académicos, por esta orde.

Sobre o Baremo:

A entrevista non ten obxecto, debe suprimirse e en ningún caso debe ser eliminatoria.

O proxecto non debe ser eliminatorio.

A antigüidade debe incrementarse a 10 puntos, especialmente se non se ten en conta a nosa proposta de que o proxecto non sexa eliminatorio, se se pasa o filtro do proxecto logo debería primar a antigüidade.